




DE SAN FELIPE A CARIÑO (FERROL)

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: Percorrido case 5 km ata a beira do porto exterior, máis volta, e algo máis de 2 km ida e volta para percorrer San Felipe, en total uns 12 km.

Dificultade: baixa



Vista dun tramo do percorrido con Ferrol ao fondo




Boca da ría de Ferrol, entre a punta Coitelada e o cabo Prioriño

Unha camiñada polo exterior da ría de Ferrol, entre o portiño de Fan Felipe e o Porto Exterior. De interese natural, paisaxístico, etnográfico e histórico.

PERCORRIDO

Comezamos no espazo ao pé do castelo de **San Felipe** para subir un pouco pola estrada e desviarnos á esquerda polo paseo que transcorre mantendo case o nivel, o que o fai doado de andar, para ir gozando das panorámicas da contorna. A uns 400 m do comezo do paseo atopamos uns ocos na varanda do camiño desde os que saen carreiros polos que se pode baixar á **praia da Caseta**, e máis adiante á **punta das Anclas**. Na seguinte punta temos o **castelo de San Carlos**, despois, rodeando a **Ribeira de San Cristovo**, acadamos a **punta das Baterías** na que se atopan os restos do castelo de **San Cristovo** e un miradoiro, onde remata o tramo acondicionado. Pero aproveitando a proximidade podemos seguir pola beira da estrada ata a localidade de **Cariño** recollida, detrás da praia, no seo da desembocadura do seu rego, o que conforma unha fermosa estampa. Á volta do percorrido non podemos deixar de visitar a localidade de **San Felipe** asentada ao longo de case un km de costa no seo de Lousada, entre o castelo, e abrigada por el, e a **punta do Bispón**, que conta con praia e varios peiraos que acollen pequenas embarcacións tradicionais.



RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal que a alimenta é o Grande de Xubia. Tamén desembocan nela o río Beelle e outros regos máis pequenos. As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior. É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con grande actividade industrial. As vilas máis importantes son Ferrol, Narón, Xubia, Neda, Fene e Mugarbos.



Punta do Bispón



Praia e porto de San Felipe



Castelo de San Felipe. Comezouse a construír en 1589 por mandado de Felipe II para defender a ría de Ferrol dos corsarios ingleses



Os castelos de San Felipe e A Palma na entrada da ría



Praia da Caseta



Paseo na punta Anclas



Punta de San Cristovo e castelo de San Carlos



Punta Rabo de Porco



Punta das Baterías



Ribeira de San Cristovo



Castelo de San Cristovo



Punta das Baterías




Vista desde a punta das Baterías cara a punta de Fornelos



Banda norte da ría de Ferrol desde o cabo Priorño Pequeno ata o castelo de San Felipe



Praia de Cariño



-Punta Barbeira. Porto exterior